

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE VILAGARCÍA DE
AROUSA PARA PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN ROQUE 2016**

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, D. _____, Alcalde-presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

E doutra, D. _____, en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en diante ABANCA.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Vilagarcía de Arousa, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar as Festas de San Roque, declarada de interese turístico nacional no ano 2006.

Segundo.- Que a categoría e relevancia acadada por este festa fan que a súa celebración acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Que as Festas de San Roque de Vilagarcía de Arousa, son un evento de carácter singular e de prestixio, que en torno a un acto relixioso combinan actividades culturais e lúdicas, sendo o concello de Vilagarcía de Arousa a entidade organizadora. Este concello ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo.

Deste xeito, non resulta posible promover a concorrência debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a entidade conveniente, dado que é a única que organiza as Festas de San Roque de Vilagarcía de Arousa.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto .- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de

Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover a imaxe de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Vilagarcía de Arousa consideran esencial colaborar na celebración das Festas de San Roque 2016, posto que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas partes e con beneficios conxuntos e que está definida para acadar o obxectivo de promover o turismo na Comunidade Autónoma de Galicia a través do apoio a este evento.

Sexto.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a aplicación 04.A2.761A.760.3, *Fomento do turismo das entidades locais*, código de proxecto 2015-00006 dotada con fondos da comunidade autónoma. Con cargo a esta aplicación, a achega da colaboración económica da Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións establecidas no convenio será de quince mil euros (15.000.-€)

Oitavo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento da Festas de San Roque de Vilagarcía de Arousa mediante unha achega de 5.000.-€.

Sétimo.- Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Vilagarcía de Arousa , para a o apoio á celebración no mes de agosto das Festas de San Roque 2016 por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

A festividade relixiosa de San Roque comeza cunha xornada na que se ofician os actos relixiosos e se traslada a imaxe de San Roque da igrexa parroquial á pequena capela. Logo da comezo a tradicional Festa a Auga que xurdiu espontaneamente un agosto de moito calor de 1980, no que os veciños que asistían dende os balcóns das súas casas ao paso da procesión comezaron a tirar caldeiros de auga aos asistentes a dita procesión e así se foi repetindo durante anos, ata que en 1990 dada a numerosa participación cidadá neste evento, o concello decidiu oficializala contando na actualidade cun amplo recoñecemento que aúna a preto de 30.000 persoas.

A festas se complementan cun combate naval que constitúe unha das citas de máis solera do calendario festivo, este combate ten o seu epicentro no castelo e o barco formado por pirotecnia que se enfrentan entre si nun combate simbólico, este simulacro ten a súa orixe no ano 1886 e só deixou de celebrarse durante a guerra civil. Unha batalla floral cun desfile de carrozas que enchen de colorido as rúas da localidade pon fin a edición da festa.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración das Festas San Roque, ascende a 28.193.-€ que se distribúen do seguinte xeito:

CONCEPTO	ORZAMENTO
Actuacións musicais	18.150.-€



Animación infantil	3.630.-€
Impresión de programas e cartelería	2.178.-€
Publicidade en medios de comunicación	4.235.-€
TOTAL	28.193.-€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará un importe de 15.000,00 euros. A contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle executala ao concello de Vilagarcía de Arousa. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o concello de Vilagarcía de Arousa obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 5.000.-€

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016 a favor do Concello de Vilagarcía de Arousa unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas acompañadas da xustificación das actuacións realizadas.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2015. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50%, o que supón un importe máximo de 7.500.-€.

Conforme ao artigo 65.4.c) e i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia o concello de Vilagarcía de Arousa queda exonerado da constitución de garantía.

Terceira.- Obrigas do concello de Vilagarcía de Arousa

O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio para a celebración das Festas de San Roque.
2. Incluír en toda a documentación e soportes que se realicen sobre os eventos que nos ocupan, que os mesmos contan coa colaboración da Xunta de Galicia- Turismo de Galicia.
3. Incluír a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto deste convenio de colaboración.
- 4.- Incorporar o distintivo corporativo de ABANCA nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia
5. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
6. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
7. Executar totalidade do orzamento de 28.193.- €, así como xustificalo.
8. Presentar, con anterioridade á sinatura deste convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, que no caso do concello de Vilagarcía de Arousa poderán substituírse pola declaración responsable do concello de estar ao corrente coas referidas obrigas, de conformidade

9.- Cumprir co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

Cuarta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais, pero o seu importe en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, se supere o investimento total da festa.

Quinta.- Xustificación de fondos e pagamento

O prazo para xustificar a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de outubro de 2016.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e ss do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e ABANCA así como a “Marca Galicia”.

Asemade, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

A achega de ABANCA será pagado directamente por esta ao concello de Vilagarcía de Arousa, unha vez que o este concello remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do

convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de outubro de 2016.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello, un representante de ABANCA e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Relación contractual

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.

Novena.- Xurisdición competente

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4.c, non obstante, os principios do citado Real decreto legislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso administrativo.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

En cumprimento do disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Axencia Turismo de Galicia informará na súa páxina web oficial da dita suscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes intervenientes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Undécima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 15 de outubro de 2016 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia

A directora da Axencia Turismo de Galicia

Polo concello de Vilagarcía de Arousa

O alcalde

María Nava Castro Domínguez

Por ABANCA

O Director de Banca Institucional